

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILIGÜE CHANO PIÑEIRO
CURSO: 5º
MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA
DATA: 13-05-2020

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoita atenta e incorporación ás intervencións dos e das demais.	LCB1.1.2. Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos e emocións con claridade
	LCB1.1.3. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quendas, participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora e normas básicas de cortesía.
B2.2. Utilizar as estratexias de control do proceso lector (anticipación do significado, formulación de hipóteses, uso do dicionario, relectura)	LCB2.2.3. Identifica as palabras clave dun texto.
	LCB2.2.5. Relaciona a información contida nos gráficos e ilustracións e a relaciona coa información que aparece no texto.
B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, con coherencia, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, a orde e a presentación.	LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá e do ámbito social e escolar, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa: diarios, contos, narracións, receitas, instrucións...
	LCB3.1.2. Escribe textos organizando as ideas con cohesión básica e respectando as normas gramaticais e ortográficas
B3.3. Aplicar fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, revisión e reescritura, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección .	LCB3.3.4. Redacta o texto e revisao para melloralo.
	LCB3.3.5. Amona na evolución dos seus escritos interese e esforzo por escribir correctamente de forma persoal.
B3.7. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.	LCB3.7.1. Usa con axuda Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar e ilustrar os textos, buscar información.
B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así coma as regras de ortografía	LCB4.1.1 Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar o nome, substituír o nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras.

B4.3. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos	LCB4.3.1. Coñece a estrutura do dicionario e úsao, en diferentes soportes para buscar o significado de calquera palabra (derivados, sinónimos etc.).
	LCB4.3.2. Selecciona a acepción correcta segundo o contexto de entre as varias que lle ofrece o dicionario

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Utilizaranse varias técnicas para recoller información en base aos obxectivos plantexados para desenvolver os criterios e estándares de avaliación a través da plataforma Edixgal. Principais procedementos: Producións xerais do alumnado, observación sistemática a través das producións que remiten pola plataforma virtual Edixgal, recursos interactivos de Aula Planeta, actividades autocorrixibles on line, probas específicas, valoración da escrita, a realización de actividades e probas de peche propostas como avaliación diagnóstica, así como a observación e análise da participación activa a través da plataforma de Edixgal.</p> <p>Instrumentos: A propia plataforma Edixgal ten instrumentos que nos permiten recoller evidencias do nivel de desempeño do alumnado en cada criterio e estándar. Ademais utilizamos cuestionarios de edixgal, listas de control, listas de cotexo, actividades interactivas e autocorrixibles, e participación nos foros da área.</p>
Cualificación final	<p>No cálculo da cualificación final que se establecerá na avaliación ordinaria de cada área, teremos en conta a media aritmética dos dous primeiros trimestres e o traballo desenvolvido polo alumnado neste 3º trimestre referido aos criterios e estándares de avaliación imprescindibles para o reforzo, continuidade do proceso educativo e consolidación dos dous primeiros trimestres do curso, reflectidos neste documento de adaptación e que, no caso destes últimos, solo poderán ter valor positivo para a cualificación do alumnado.</p> <p>Cálculo da nota ordinaria:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Se un alumno ou alumna obtivo unha nota superior ao 5 nas dúas avaliacións anteriores e entrega as tarefas programadas telemáticamente ou impresas e participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, non será a media aritmética das dúas anteriores. Segundo a avaliación do traballo realizado pode aumentar, en ningún caso diminuíla.2. No caso de que un alumno ou alumna non acadara o 5 nalgunha das avaliacións anteriores e entregue as tarefas programadas telemáticamente ou impresas e participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, non será a media aritmética das dúas avaliacións anteriores, senón que pode aumentar tendo en conta que as actividades no terceiro trimestre son de reforzo e recuperación.3. No caso de que un alumno ou alumna non acadara o 5 nalgunha das avaliacións anteriores e non entregue as tarefas programadas telemáticamente ou impresas e non participe nas videoconferencias, a súa

	<p>nota na avaliación ordinaria, será a media aritmética das dúas avaliacións anteriores.</p> <p>4. Se un alumno ou alumna ten suspensas as dúas avaliacións dunha área e non participa en videoconferencias nin aporta tarefas telemáticamente ou impresas para mellorar os seus resultados e competencias, sendo informada a familia da falta de traballo na área, non acadará unha valoración positiva. O mestre ou mestra da área recollerá evidencias de ter informado a familia da situación.</p> <p>5. No informe individualizado do alumnado, que se remitirá ao finalizar o curso debe quedar recollido, de cara ao seguinte curso escolar 2020 - 2021, o traballo realizado polo alumno ou alumna no terceiro trimestre e os atrasos producidos detallando aquelas aprendizaxes imprescindibles non adquiridas. Tamén debe quedar reflexado nas observacións do boletín de notas da avaliación ordinaria, cumprimentando este apartado en Xade.</p> <p>Será o equipo docente, na sesión de avaliación do grupo, o que decidirá a promoción do alumnado tendo en conta o nivel acadado nos criterios de promoción de nivel dados e as competencias clave, non dependendo da cantidade de áreas suspensas.</p>
--	--

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>As propostas, tarefas e actividades que se están a desenvolver no terceiro trimestres son de repaso, recuperación e reforzo do desenvolvido durante os dous trimestres anteriores. Realízanse propostas, tarefas e actividades de resolución e de explicación, a través da propia plataforma e de Webex. En Edixgal creamos un foro de resolución de dúbidas para fomentar o traballo colaborativo entre alumnado e profesorado. Realízanse explicacións e correccións en liña a través dos foros e Webex. Seleccionamos actividades das editoriais que figuran en Edixgal. Incluímos vídeos, xogos interactivos, materiais interactivos de reforzo, actividades interactivas de netex e aula planeta, audiovisuais, exercicios autocorrixibles, actividades abertas, actividades competenciais e actividades de autoavaliación.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía empregada baséase na participación e estará orientada ao o deseño das actividades que terán como referentes os criterios e estándares de avaliación imprescindibles para o reforzo, continuidade do proceso educativo e consolidación dos dous primeiros trimestres do curso. Refórzase a aprendizaxe cooperativa a través do foro, e tamén a atención individualizada, porque temos a posibilidade de solucionar dúbidas e facer propostas puntuais ao alumnado a través das mensaxes privadas da propia plataforma de Edixgal.</p> <p>Plataforma Edixgal: Funciona como aula virtual. Programación semanal de unidades didácticas con diferentes bloques diferentes que permanecen ocultos ou facemos visibles cando o alumnado entrega as propostas e están revisadas.</p> <p>Webex: Videoconferencias semanais con grupos reducidos para realizar as propostas, resolución de dúbidas e explicacións.</p> <p>Axenda virtual de Edixgal: onde programamos diariamente o traballo da semana, introducimos números e contrasinais para as videoconferencias de cada día. Programamos traballo diaria e semanalmente.</p> <p>Fixamos unha franxa horaria e diaria de resolución de dúbidas e tamén resolvemos a calquera hora outras que se plantean nos foros.</p> <p>Foro cooperativo: Dentro de Edixgal creamos un foro de resolucións de dúbidas para implementar o traballo cooperativo. A través del o alumnado formula preguntas, resolvemos dúbidas, axúdanse e explicamos e resolvemos as propostas.</p>

	<p>Principais competencias desenvolvidas: comunicación lingüística (CLL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).</p> <p>Conectividade: Segundo me consta todo o alumnado ten acceso a internet e teñen a súa disposición os equipos Edixgal. A participación do alumnado é a normal dentro da situación de excepción que estamos a vivir variando segundo os días e dependendo da conectividade e cobertura telemática. Moitas familias traballan telemáticamente e teñen que compartir datos. Nalgúns momentos hai alumnado que non participa activamente e poñémonos en contacto coa familia a través de Abalar ou telefónicamente.</p> <p>Problemas de cobertura: A meirande parte do alumnado vive no centro de Gondomar, Mañufe e Vilaza. Tamén temos alumnado de Chaín, Morgadáns... A cobertura nas aldeas é deficiente en momentos puntuais e as familias deixan constancia da situación, podendo o alumnado realizar as entregas cando llo permite a cobertura.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Ordenadores persoais do alumnado. Recursos da plataforma Edixgal: Netex, Aula Planeta, Smart Classroom, .. Recursos de ofimática e outros instalados nos equipos como Freemind, Audacity, actividades Lim, xogos, vídeos, audios, .. Webex, foros da área, axendas virtuais e mensaxería da propia plataforma.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>Fixamos unha franxa horaria e diaria de resolución de dúbidas.</p> <p>Titorización do alumnado a través de edixgal con resolución e comentarios ás entregas.</p> <p>Foro de matemáticas: Resolución de dúbidas e explicacións ao longo do día.</p> <p>Apoio e titorización de alumnado e familias: Telefonicamente, AbalarMobil, páxina web do centro, correo electrónico, foros e videoconferencia.</p>
Publicidade	<p>Publicación na páxina web do centro.</p> <p>Informaremos ás familias por Abalar Móbil.</p> <p>Aquelas que non dispoñan de Abalar Móbil enviaráselle unha carta por correo ordinario ou correo electrónico, indicándolle a onde se poden dirixir para atopar a documentación.</p>